

# **PROGRAMACIÓN FRAUTA TRAVESA**

- ! **INTRODUCCIÓN**
- ! **MARCO LEGAL**
- ! **OBXETIVOS XERAIS**
- ! **CONTIDOS XERAIS**
- ! **CONTIDOS ESPECÍFICOS DA CLASE**
- ! **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**
- ! **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**
- ! **METODOLOXÍA**
- ! **OBXETIVOS, CONTIDOS POR CURSO**
- ! **AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN**
- ! **ATENCIÓN A DIVERSIDADE**
- ! **TEMAS TRANSVERSAIS**
- ! **TRATAMENTO DAS TIC**
- ! **PROBA DE ACCESO**
- ! **PREMIOS DE FIN DE GRAO**

## **INTRODUCCIÓN**

A presente programación didáctica foi realizada a partir do currículo oficial vixente e pretende establecer unha proposta de desenvolvemento curricular para a materia de frauta travesera durante os catro cursos do Grao Elemental e os seis do Grao Profesional dos ensinos de réxime especial de Música.

Para a elaboración desta programación, tívose en conta, en primeiro lugar, o Currículo Base, orientador e prescriptivo, do cal se tomaron os obxectivos xerais para concretalos nuns obxectivos didácticos específicos. Así mesmo, esta programación foi realizada en coherencia co Proxecto Educativo de Centro (PEC), de tal maneira que no seu deseño valoráronse coidadosamente as características e necesidades da comunidade á que vai dirixida.

## **MARCO LEGAL**

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

‘ **ORDE do 29 de setembro de 2015** pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.

‘ **DECRETO 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.

‘ **CIRCULAR 15/2011** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

‘ **ORDE do 4 de agosto de 2011** pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.

‘ **DECRETO 223/2010**, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.

‘ **ORDE do 28 de xullo de 2008**, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.

‘ **CIRCULAR 21/2008** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan as ensinanzas elementais de música e danza dispostas nos decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro, polos que se establece a ordenación das ensinanzas de grao elemental de danza e de música, respectivamente.

‘ **ORDE do 8 de febreiro de 2008**, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.

‘ **DECRETO 198/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. DOG do 25 de outubro de 2007.

‘ **DECRETO 203/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.

‘ **CIRCULAR 9/2007** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

## **OBXETIVOS XERAIS.**

-Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas mans.

-Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de forma que posibilite unha correcta emisión, afinación e flexibilidade do son.

-Saber utilizar con precisión os reflexos necesarios para corrixir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.

-Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento, e sabe-las utilizar dentro das esixencias do nivel, tanto en interpretación individual como de conxunto, así como desenrolar hábitos de coidado y mantemento do mesmo.

-Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.

-Emitir un son estable, en toda a extensión do instrumento, empezando a utilizar o vibrato e os diferentes matices para dar cor e expresión á interpretación musical.

-Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, de unha dificultade acorde co nivel.

## **CONTIDOS XERAIS.**

- Práctica da relaxación para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Fortalecemento dos músculos faciais.
- Exercicios de respiración con e sen instrumento (notas tenidas controlando a afinación, calidade do son e dosificación do aire).
- Práctica de técnicas modernas de execución como múltifónicos, armónicos, “whistles sounds”, “singing and playing”, etc, para un mellor desenvolvemento do tono así como para coñecer as posibilidades sonoras do instrumento.
- Desenvolvemento da flexibilidade nos saltos, articulacións, trinos, etc.
- Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenvolver a afinación, o axuste e a precisión rítmica.
- Entrenamento permanente da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos distintos niveis, motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc., para chegar a través de iso a una interpretación consciente e non meramente intuitiva.
- Selección progresiva en canto o grado de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención de unha boa calidade do son.
- Práctica de escalas e intervalos, controlando a emisión do aire en diferentes articulacións.
- Práctica do transporte mediante e execución de escalas e arpexios, así como patróns melódicos sen partitura.
- Improvisación a partir de progresións típicas.

## **CONTIDOS ESPECÍFICOS DA CLASE.**

### RELAXACIÓN MUSCULAR

- Cualidades da relaxación muscular: a actitude relaxada, a relaxación total e segmentaria.
- Manifestacións básicas: preparación, concentración, exercitación e equilibrio do tono muscular.

## A RESPIRACIÓN CORPORAL

- Os elementos básicos da respiración: fosas nasais, cavidade bucal, farinxe, pulmóns, diafragma, músculos abdominais, etc.
- Coñecemento da mecánica respiratoria: a respiración como fenómeno fisiolóxico.
- Os tempos ou fases da respiración: inspiración, retención e espiración. -Tipos e clases de respiración atendendo á ubicación do aire: clavicular ou superior, intercostal ou media, abdomino-diafragmática ou baixa, e completa ou revigorizante.

## A INTERPRETACIÓN MUSICAL

- Análise dos elementos constitutivos de unha obra musical (ritmo, melodía, armonía e forma).
- Aspectos interpretativos de unha obra musical (afinación, precisión, articulación, fraseo e expresión).
- As formas musicais e as súas características máis elementais.
- Clases de agrupacións e combinacións instrumentais: a obra musical como condicionante da agrupación instrumental.
- Estilos interpretativos e tipos de instrumentación a través da Historia da Música.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**

- Consecución dos obxetivos xerais e específicos de cada curso.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual. Este criterio pretende verificar que os alumnos son capaces de aplicar no seu estudo as indicacións do profesor e con elas desenrolar unha autonomía progresiva do traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendimento.
- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- Leer textos a primeira vista con fluidez e comprensión. Este criterio pretende constatar a capacidade do alumno para desenrolarse con certo grado de autonomía na lectura de un texto.
- Interpretar en público como solista obras representativas do seu nivel no instrumento con seguridade e control da situación. Evalúase a capacidade de autocontrol e o dominio da obra estudada. Asimesmo, pretende estimular o interese polo estudo e familiarizarse ca situación de tocar en público. As audicións serán parte importante dentro da avaliación.
- Asistir asiduamente as clases. Evalúase a regularidade e interese do alumno pola asignatura.

## **CRITERIOS DE CALIFICACIÓN.**

Para o cálculo da cualificación teranse en conta as seguintes porcentaxes:  
**Traballo diario:** 80% **Proba práctica:** 20%

Á súa vez, cada un destes apartados ponderarase do seguinte xeito:

### **TRABALLO DIARIO:**

Aplicaranse as seguintes porcentaxes:

- ◁ Técnica – 30%
- ◁ Lectura a vista – 20%
- ◁ Obras – 50%

### **Valoraranse as seguintes cuestións técnicas e interpretativas:**

- Control da afinación.

- Control das dinámicas e a articulación.
- Control do aire
- Control do ritmo e claridade na dixitación.
- Grao de dificultade do repertorio.
- Calidade do son.
- Calidade da interpretación e corrección técnica.
- Respeto aos estilos interpretativos, tempos e articulacións das obras do repertorio.
- A improvisación.
- Defender unha partitura técnica e interpretativamente en poucas lecturas.

**Con respecto á cuantificación:**

- ◁ Os alumnos que non superen os obxectivos do curso pero amosen certo esforzo serán cualificados cun 4.
- ◁ Os alumnos que no superen os criterios do curso cun grave déficit de traballo e esforzo serán cualificados cun 3 , 2 ou 1 .
- ◁ Os alumnos que superen os obxectivos do curso de xeito sobresaínte serán cualificados cun 9 ou un 10.
- ◁ Os alumnos que superen os obxectivos do curso de xeito notable serán cualificados cun 7 ou un 8.
- ◁ Os alumnos que superen os obxectivos do curso de xeito aceptable serán cualificados cun 6 .
- ◁ Os alumnos que superen os obxectivos mínimos fixados para o curso de xeito suficiente serán cualificados cun 5.
- ◁ A asistencia e o esforzo son aspectos que se teñen en conta na cualificación.

**METODOLOXÍA EMPREGADA.**

A metodoloxía empleada centrase na participación activa do alumno como medio para estimular as súas capacidades creativas, fundamentais na aprendizaxe do instrumento.

O desenrolo da escoita e do análise crítico será indispensable para a mellor asimilación de conceptos, procedementos e actitudes por parte do alumno. Para a consecución de este ideal, é fundamental a creación dun ambiente de confianza que favoreza as actitudes de participación activa. A organización do tempo e da materia a traballar irá en función das necesidades de cada alumno.

As clases serán individuais nas que cada alumno dispón de 30 ó 60 minutos semanais según o curso, para tocar os exercicios, estudos e e obras que deben ser revisados polo mestre.

**ACTIVIDADES.**

Programaránse audicións en colaboración co resto de departamentos. Realizaránse grabacións ó alumno (1 ou 2 por trimestre) para que empecen a ter contacto con dita actividade.

## OBXETIVOS, CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN CURSO POR CURSO

### PRIMEIRO CURSO grao elemental

#### OBXETIVOS:

- ◁ Coñecer as partes da frauta, o seu montaxe e cuidado.
- ◁ A respiración habitual e a aplicada á frauta.
- ◁ Coñecemento da embocadura e a súa colocación.
- ◁ Colocación ideal do corpo, brazos, mans e dedos.
- ◁ Conseguir un perfecto equilibrio sobre os catro puntos de apoio da frauta.
- ◁ Relaxación durante os exercicios.
- ◁ Obter unha emisión estable e de calidade no son.
- ◁ Adquirir un concepto básico sobre a afinación.
- ◁ Conseguir estabilidade no pulso o realizar exercicios.
- ◁ Aprender a articulación básica: separado e ligado.
- ◁ Iniciación á metodoloxía de estudo: o proceso do estudo.
- ◁ Tocar todo-los sons das dúas primeiras octavas.
- ◁ Executar escalas maiores e menores e os seus arpexios hasta dúas alteracións ( sostenidos e bemoles ).
- ◁ Memorización de determinados fragmentos musicais.
- ◁ Aprender a planificar o estudo: a confección de un horario.
- ◁ Valorar a constancia e a regularidade.
- ◁ Tocar pequenas pezas en grupo.
- ◁ Iniciación á actuación en público.



## CONTIDOS

### MATERIAL DIDÁCTICO ORIENTATIVO:

- ◁ Iniciación a la flauta T. Wye. Ed. Mundimúsica
- ◁ Escuchar, leer y tocar 1. Matthijs Broers. Ed. deHaske

### TEXTOS COMPLEMENTARIOS:

- ◁ Pezas populares así como estándares de jazz.
- ◁ Classical Album Varios Autores. Ed. Schott.
- ◁ Tone Development. Level 1 Mc Caskill & Gilliam. Ed. Mel Bay.
- ◁ Le Debutant Flutiste. M. Moyse. Ed. Leduc.
- ◁ For the Younger Flutiste W. Ofermans. Ed. Zimmermann.
- ◁ 125 Easy Classical Studies F. Vester. Ed. Universal.
- ◁ La Flute Classique

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- ◁ Demostrar nos estudos, exercicios e obras a asimilación e unha crecente capacidade de aprendizaxe individual.
- ◁ Interpretar textos musicais empregando a medida, afinación, articulación e fraseos adecuados ao seu contido.
- ◁ Desenrolo da memoria musical e o poder de comparación e análise de elementos musicais básicos.

## MÍNIMOS ESIXIBLES SEGUNDO A METODOLOXÍA

- ◁ Ata a lección 32 do libro de Escuchar, leer y tocar 1. Matthijs Broers ou Trevor Wye ou ata a lección 32.
- ◁ Tocar escalas ata dúas alteracións.
- ◁ Unha obra de La Flute Classique ou de Piezas clásicas célebres ou dúas cancións (trad. ou standar)

## MÍNIMOS ESIXIBLES SEGUNDO AS CAPACIDADES

- ◁ Adoptar unha correcta posición corporal con e sen o instrumento.
- ◁ Coñecer e aplicar a respiración diafragmática.
- ◁ Obter un son minimamente estable cunha correcta embocadura nas dúas primeiras oitavas da frauta e entender e tocar as tonalidades de fa maior, re menor, sol maior, mi menor.
- ◁ Mostrar certa capacidade de escoita, concentración e sensibilidade auditiva.
- ◁ Coñecer e aplicar as principais articulacións: picado e ligado.
- ◁ Amosar a través da interpretación un pulso (ritmo) interno.

## **SEGUNDO CURSO**

### OBXETIVOS:

- ◁ Manteñense os obxetivos marcados no curso anterior, ampliándoos progresivamente de acordo co grado de dificultade do novo curso.
- ◁ Progreso da respiración torácico-abdominal.
- ◁ Consolidación da posición do corpo e do instrumento.
- ◁ Coñecemento do rexistro agudo (3ª octava).
- ◁ Desenrolar a sonoridade adquirida durante o primeiro curso.
- ◁ Realización de exercicios de acentos con presión abdominal como preparación para unha boa articulación.
- ◁ Ampliación do concepto de afinación: afinación en diferentes octavas e matices. Exercicios a dúas frautas.
- ◁ Executar escalas e arpexios hasta tres alteracións (sostenidos e bemoles).
- ◁ Comprensión dos conceptos: período musical, frase, semifrase e motivo.

- ◁ Relación entre respiración e fraseo: o alumno comezará a colocar as respiracións sobre a música.
- ◁ Diferenciar conceptos básicos como columna de aire, velocidade de aire, cantidade de aire, dirección da columna de aire e a súa influencia no son.
- ◁ A tensión corporal ou mental como enemigo do músico. O autocontrol: como conseguir traballar regulando o esforzo.
- ◁ Repentización de fragmentos apropiados.

## CONTIDOS

### EXERCICIOS

- ◁ Teoría e práctica de la flauta volumen 1, son T.Wye Ed. Mundimúsica.

### ESTUDOS

- ◁ Escuela de la flauta vol.2 - Marcial Picó. Ed. Orquesta de flautas de Madrid.
- ◁ Iniciación a la flauta, vol.II. Trevor Wye.
- ◁ Aprende tocando la flauta. Peter Wastall.

### OBRAS

- ◁ Melodías paisanas. Harmonización de Paulino Pereiro. Baía edicións.
- ◁ La flute Clasique . Vol 2. Rene le Roy el Henry Classens.
- ◁ Piezas clásicas célebres. Autores diversos.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- ◁ Demostrar nos estudos, exercicios e obras asimilación e unha crecente capacidade de aprendizaxe individual.
- ◁ Interpretación de melodías sinxelas respetando as características de estilo que correspondan.
- ◁ Interpretación de textos musicais de memoria e coa medida, afinación, articulación e fraseo de acordo ao contido e nivel do curso.

## MÍNIMOS ESIXIBLES SEGUNDO A METODOLOXÍA

- ◁ Práctica do libro Escuela de la Flauta ata a peza número 46 a ou do libro de Trevor Wye ata a peza 69.
- ◁ Interpretación de dúas obras de calquera dos libros que aparecen no apartado „metodoloxía“.

## MÍNIMOS ESIXIBLES SEGUNDO AS CAPACIDADES

- ◁ Adoptar unha correcta posición corporal con e sen o instrumento.
- ◁ Comprender e controlar a espiración formando a columna de aire.
- ◁ Entender e interiorizar o fraseo.
- ◁ Controlar a respiración e espiración.
- ◁ Usar as articulacións : picado e ligado.
- ◁ Coñecer e aplicar as dinámicas forte e piano así como crescendo e diminuendo.
- ◁ Dominar as escalas e arpexios ata dúas alteracións (isto mostrarase elixindo pezas coas tonalidades que posúen esas alteracións.)
- ◁ Mostrar un son estable ata o mi da terceira oitava.
- ◁ Amosar a través da interpretación un pulso (ritmo) interno.
- ◁ Comprender os tempos de silencio como parte do feito musical.

## TERCEIRO CURSO

### OBXETIVOS:

- ◁ Perfeccionamiento da sonoridade adquirida en cursos anteriores.
- ◁ As escalas como método para adquirir homoxeneidade nos tres rexistros.
- ◁ A práctica de grandes intervalos para mellorar a flexibilidade.
- ◁ Exercicios para mellorar a calidade do son nas notas extremas.
- ◁ Exercicios para o control do son e a afinación nos matices forte e piano.
- ◁ Mellorar a articulación adquirindo maior precisión, nitidez e velocidade na mesma.
- ◁ O picado ligado.
- ◁ Acentos.
- ◁ Escalas maiores e menores. A extensión de toda-las escalas abarcará dende Do grave ata Si agudo, empezando e acabando pola tónica.
- ◁ Arpexios maiores e menores.
- ◁ A escala cromática ata Si 3.
- ◁ Todo-los exercicios estudaránse con diferentes matices e articulacións.
- ◁ Colocación das respiracións polo propio alumno e a súa discusión na clase.
- ◁ Haber adquirido unha certa autonomía na planificación do estudo diario.
- ◁ Saber dar solucións a problemas básicos.
- ◁ Saber prever tensións e crispacións que entorpecen o progreso no estudo.
- ◁ Audición de obras de diferentes estilos.
- ◁ Actuacións en público.
- ◁ Grabacións das pezas que están a estudar.

### CONTIDOS

#### EXERCICIOS:

- ◁ Teoría e práctica da fruta volumen 1, son. T.Wye Ed. Mundimúsica.

#### ESTUDOS:

- ◁ Etudes mignones op.131. Gariboldi. o 24 pequenos estudos melódicos. M. Moyse.
- ◁ Selección de estudos vol.1 - Bantai Kovacs Ed. Música Budapest

#### OBRAS

- ◁ Berceuse - G.Fauré Ed. Música Budapest
- ◁ Piezas clásicas célebres, vol. 2. Autores diversos.
- ◁ Tres Gavottes. Lully, Martini e Gossec Ed. E.M.B.
- ◁ Flute music for Begginers. Ed. Musica Budapest.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- ◁ Demostrar nos estudos, exercicios e obras asimilación e unha crecente capacidade de aprendizaxe individual.
- ◁ Interpretación de textos musicais de memoria e coa medida, afinación, articulación e fraseo de acordo aos contidos e nivel do curso.
- ◁ Audicións trimestrais.

### MÍNIMOS ESIXIBLES SEGUNDO A METODOLOXÍA

- ◁ Interpretación de oito estudos dos que aparecen no apartado „CONTIDOS“.
- ◁ Interpretación de dúas obras das que aparecen no anterior apartado.

## MÍNIMOS ESIXIBLES SEGUNDO AS CAPACIDADES

- ◁ Adoptar unha correcta posición corporal co instrumento.
- ◁ Soprar de forma continuada de xeito que a columna de aire sexa estable.
- ◁ Inspirar de forma diafragmática, eficaz e silenciosamente.
- ◁ Usar as articulacións picado, ligado, detaché largo e corto.
- ◁ Emitir o son de forma nítida con embocadura relaxada.
- ◁ Utilizar con precisión os reflexos necesarios para correxir a afinación e a calidade do son.
- ◁ Dominar as escalas ata tres alteracións e a escala cromática.
- ◁ Conseguir un son estable e relativamente afinado en diferentes alturas ( re grave ata sol das 3º oitava) e dinámicas ( mp e f ).
- ◁ Identifica-las estruturas musicais nos seus distintos niveis ( motivos, temas, periodos, frases, seccións...) para unha interpretación cada vez mais consciente.
- ◁ Manter a atención nos periodos de silencio e comprensión deste como parte do feito musical.

## **CUARTO CURSO**

### OBXETIVOS:

- ◁ Perfeccionaríanse os aspectos técnicos vistos nos cursos anteriores.
- ◁ Faráse fincapé na afinación.
- ◁ Iniciación ó vibrato. Historia, tipos y fundamento. A súa aplicación a obras ou estudos.
- ◁ Introducción a os sonidos parciais da flauta.
- ◁ Estudo de outros tipos de articulación.
- ◁ Escala cromática. Escalas mayores y menores en toda-las tonalidades, dende Do 1 ata Do 4. Arpexios. Estudiaríanse con diferentes matices e articulacións.
- ◁ Comezo do estudo das notas de adorno e trinos.
- ◁ Solución de problemas durante o estudo. Plantexamento do estudo, medidas a corto e largo plazo.
- ◁ Memorización de obras con acompañamento.
- ◁ Interpretación e apreciación dos diferentes estilos na música baseándose nas obras de repertorio.

### CONTIDOS

### EXERCICIOS:

- ◁ Teoría y práctica de la flauta vol. 1: son e vol. 5: escalas. T.Wye Ed. Mundimúsica.
- ◁ Ejercicios diarios ( números 1 y 2). Reichert.Ed. Leduc.

### ESTUDOS

- ◁ Selección de estudios vol. 2 - Bantai Kovacs Ed. Música Budapest
- ◁ 12 estudios Op. 33 no. 1. E. Kohler.

### OBRAS

- ◁ Sonata (a elegir) G.F.Haendel
- ◁ Sonata en SolM B.Marcello
- ◁ Andante en DoM para flauta e orquesta Kv.315 W.A.Mozart
- ◁ Sonata en FaM Donizetti
- ◁ Siciliana G.Fauré
- ◁ Le petit chevrier corse H.Tomasi

- ◊ The children are playing C. Nielsen

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- ◊ Interpretación en público de obras representativas do seu nivel de instrumento con seguridade e control da situación.
- ◊ Demostrar capacidade crítica suficiente para abordar por sí mesmo de maneira satisfactoria o estudio de obras de estilo e dificultade similares ás do curso.
- ◊ Amosar autonomía para resolver cuestións relacionadas coa interpretación

### MÍNIMOS ESIXIBLES SEGUNDO A METODOLOXÍA

- ◊ Interpretación de oito estudos de calquera dos libros que figuran no apartado metodoloxía.
- ◊ Interpretación de tres obras de diferentes estilos das que figuran no anterior apartado.

### MÍNIMOS ESIXIBLES SEGUNDO AS CAPACIDADES

- ◊ Adoptar unha correcta posición corporal co instrumento ( espalda, pernas, cadrís, cabeza, brazos e mans)
- ◊ Inspirar diafragmáticamente de forma eficaz e silenciosa.
- ◊ Conseguir un son estable en todo o rexistro da frauta cunha embocadura na que a tensión e relaxación muscular estén equilibradas.
- ◊ Dominar as tonalidades de ata catro alteracións.
- ◊ Mostrar un uso básico inicial do vibrato e os cambios de cor do son.
- ◊ Usar con precisión os reflexos necesarios para correxir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.
- ◊ Amosar comprensión das estruturas musicais ( motivos, temas, periodos...)
- ◊ Aplicar as dinámicas forte, piano, crescendo e diminuendo.
- ◊ Usar as articulacións: picado, ligado, detachè largo e corto.
- ◊ Saber solucionar con certa autonomía cuestións relacionadas coa interpretación.

## **PRIMEIRO L.O.E.**

### OBXETIVOS

- ◊ Análise das posibilidades acústicas do instrumento tendo en conta a súa morfoloxía. Práctica e coñecemento dos armónicos.
- ◊ Práctica de exercicios de relaxación e control muscular evitando tensións en brazos e cuello, co fin de salvar posibles lesións.
- ◊ Perfeccionamento das articulacións de picado sinxelo, picado ligado e staccato.
- ◊ Desenrolo da velocidade de dixitación con distintas articulacións.
- ◊ Práctica de escalas arpexios e intervalos.
- ◊ Traballo dos elementos que interveñen no fraseo musical: línea, respiración e expresión.
- ◊ Iniciación e práctica do vibrato nas figuras que non excedan da blanca e a súa utilización según o estilo.
- ◊ Estudio do rexistro sobreagudo con especial atención ó son e afinación.
- ◊ Práctica de obras e estudos que favorezan a capacidade musical e técnica.
- ◊ Audicións de fragmentos e obras representativas dos diferentes estilos.
- ◊ Audicións de diferentes intérpretes para analizar as características das súas diferentes versións.
- ◊ Práctica da lectura a primeira vista.
- ◊ Interpretación en público do repertorio estudado para desenrolar un maior autocontrol e dominio dos espazo escénico.

## CONTIDOS METODOLÓXICOS

### EXERCICIOS :

- ◁ Da sonòrité, art et technique - M. Moyse Ed. Alphonse Leduc
- ◁ Teoría e práctica de la flauta volumen 1, son T.Wye,volumen 2, técnica, volumen 3, articulación Ed. Mundimúsica.
- ◁ 7 exercicios diarios para frauta M.A. Reichert Ed. Schott's
- ◁ 17 exercicios diarios para a frauta Taffanel e Gaubert

### ESTUDOS

- ◁ Selección de estudios vol.2 Bantai Kovacs
- ◁ Estudios op.33 vol. 1 Kohler
- ◁ 100 Classical Studies. F. Vester Ed. Universal Edition.

### OBRAS

- ◁ Sonata (a elixir) G.F.Haendel
- ◁ Sonata (a elixir) M.Blavet
- ◁ Andante k.315, en Do M W.A.Mozart
- ◁ Concierto en Sol M Pergolesi 29
- ◁ Sonata en DoM J.M. Leclair
- ◁ Historias para frauta e piano (selección) J.Ibert
- ◁ Morceau de Concours G.Faure
- ◁ 4 pezas fáciles E.Bozza

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- ◁ Utilización do esforzo muscular e a respiración adecuadas ás esixencias da execución musical.
- ◁ Interpretación satisfactoria de obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo.
- ◁ Interpretación de memoria de obras do repertorio solista de acordo cos criterios de estilo correspondentes de maneira satisfactoria.
- ◁ A avaliación terá unha periodicidade trimestral e nela se observará a evolución dos obxectivos e contidos detallados anteriormente.

## MÍNIMOS ESIXIBLES SEGUNDO A METODOLOXÍA

- ◁ Interpretación de oito estudos de calquera dos libros que figuran no apartado metodoloxía.
- ◁ Interpretación de tres obras de diferentes estilos das que figuran no anterior apartado.

## MÍNIMOS ESIXIBLES SEGUNDO AS CAPACIDADES

- ◁ Amosar unha boa posición das mans e do corpo con instrumento.
- ◁ Inspirar de forma eficaz e silenciosa.
- ◁ Conseguir un son estable e homoxéneo dende o re grave ata o la da 3º oitava, en diferentes dinámicas.
- ◁ Usar o vibrato e os cambios de cor do son.
- ◁ Lograr unha boa calidade no legato e progresiva rapidez e resistencia da articulación sobre notas repetidas.Ampliación das articulacións (picado, largo, marcado e stacatto).
- ◁ Dominar dentro dunha velocidade moderada todas as tonalidades maiores ou menores en dinámicas de p a f.
- ◁ Coñecer e controlar os diferentes parámetros que sirven para corrixir a afinación ( ángulo de sopro, velocidade do aire, presión, apertura dos beizos...)
- ◁ Amosar certa autonomía para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación

## SEGUNDO L.O.E.

### OBXETIVOS

- ◊ Análise das posibilidades acústicas do instrumento tendo en conta a súa morfoloxía (práctica de armónicos). Práctica e coñecemento do frullato.
- ◊ Práctica de exercicios de relaxación e control muscular evitando tensións en brazos e cuello, co fin de salvar posibles lesións.
- ◊ Perfeccionamento das articulacións de picado sinxelo, picado ligado e staccato.
- ◊ Desenrolo da velocidade de dixitación con distintas articulacións.
- ◊ Práctica de escalas maiores e menores, arpexios maiores e menores e intervalos a través de patróns melódicos e traballo de transporte en toda-las alteracións.
- ◊ Traballo dos elementos que interveñen no fraseo musical: línea, respiración e expresión.
- ◊ Iniciación e práctica do vibrato nas figuras que non excedan da negra e a súa utilización según o estilo.
- ◊ Estudo do rexistro sobreagudo con especial atención ó son e afinación e digitación en velocidades que non excedan de negra= 110.
- ◊ Práctica de obras e estudos que favorezan a capacidade musical e técnica.
- ◊ Audicións de fragmentos e obras representativas dos diferentes estilos.
- ◊ Audicións de diferentes intérpretes para analizar as características das súas diferentes versións.
- ◊ Práctica da lectura a primeira vista.
- ◊ Interpretación en público do repertorio estudado para desenrolar un maior autocontrol e dominio do espazo escénico.
- ◊ Iniciación á improvisación sobre progresións I-IV-V.

### CONTIDOS METODOLÓXICOS

#### EXERCICIOS:

- ◊ La sonòrité, art et technique M.Moyse Ed. Alphonse Leduc
- ◊ A técnica da embocadura Ph. Bernold
- ◊ Teoría e práctica de la flauta (os 5 volumes) T.Wye Ed. Mundimúsica.
- ◊ 7 exercicios diarios para flauta M.A. Reichert Ed. Schott's
- ◊ 17 Exercicios diarios para a flauta Taffanel e Gaubert

#### ESTUDOS

- ◊ Estudios op.33 vol.2 Kohler
- ◊ 100 Classical studes for flute selección de Frans Vester Ed. Universal
- ◊ 25 Estudios célebres para flauta. Drouet

#### OBRAS

- ◊ Sonata (a elexir) J.S.Bach
- ◊ Fantasía (a elexir) G.P.Teleman
- ◊ Concierto Gluck
- ◊ 6 sonatas para flauta e clavecín kv 10-15 (unha a elegir) Mozart
- ◊ Concierto para flauta y orquesta en SolM op.29 C.Stamiz
- ◊ Historias para flauta e piano J.Ibert
- ◊ Vocalise A.Copand
- ◊ Echo Hindemith
- ◊ Canzone Barber

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- ◁ Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- ◁ Interpretación satisfactoria en obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo.
- ◁ Interpretación de memoria de obras do repertorio solista de acordo cos criterios de estilo correspondentes de maneira satisfactoria.
- ◁ A avaliación terá unha periodicidade trimestral e nela observarase a evolución dos obxectivos e contidos detallados anteriormente.

## MÍNIMOS ESIXIBLES SEGUNDO A METODOLOXÍA

- ◁ Interpretación de oito estudos de calquera dos libros que figuran no apartado metodoloxía.
- ◁ Interpretación de tres obras de diferentes estilos das que figuran no anterior apartado.

## MÍNIMOS ESIXIBLES SEGUNDO AS CAPACIDADES

- ◁ Aposar unha boa posición das mans e do corpo con instrumento.
- ◁ Conseguir unha boa calidade no legato.
- ◁ Respirar de forma silenciosa e conseguir un maior desenrolo das capacidades respiratorias.
- ◁ Coñecer e usar os diferentes elementos da produción do son : apoio, velocidade do aire, gorxa, boca, dirección do aire, ángulo de soplo...
- ◁ Tocar relativamente forte e piano pero afinado.
- ◁ Aposar unha ampla gama de articulacións incluíndo un bo uso do dobre picado.
- ◁ Aposar a capacidade de adoptar diferentes recursos técnicos na interpretación, así como a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- ◁ Aplicar de xeito consciente e coherente o vibrato.

## **TERCEIRO L.O.E.**

### OBXETIVOS

- ◁ Análise das posibilidades acústicas do instrumento tendo en conta a súa morfoloxía (armónicos e frullato). Práctica e coñecemento de "singing and playing" (tocar e cantar).
- ◁ Práctica de exercicios de relaxación e control muscular evitando tensións en brazos e cuello, co fin de salvar posibles lesións.
- ◁ Perfeccionamento das articulacións de picado sinxelo, picado ligado e staccato. Práctica do picado dobre.
- ◁ Desenrolo da velocidade de dixitación con distintas articulacións.
- ◁ Práctica de escalas maiores e menores (natural, armónica e melódica), arpexios maiores e menores e intervalos a través de patróns melódicos e traballo de transporte en toda-las alteracións.
- ◁ Traballo dos elementos que interveñen no fraseo musical: línea, respiración e expresión adecuándoos ós estilos que se traballen. (Barroco, clásico e romántico)
- ◁ Iniciación e práctica do vibrato nas figuras que non excedan da negra e a súa utilización según o estilo.
- ◁ Estudio do rexistro sobreagudo con especial atención ó son e afinación e digitación en velocidades que non excedan de negra= 140.



- ◁ Práctica de obras e estudos que favorezan a capacidade musical e técnica.
- ◁ Audicións de fragmentos e obras representativas dos diferentes estilos.
- ◁ Audicións de diferentes intérpretes para analizar as características das súas diferentes versións.
- ◁ Práctica da lectura a primeira vista.
- ◁ Interpretación en público do repertorio estudado para desenrolar un maior autocontrol e dominio dos espazo escénico.
- ◁ Iniciación á improvisación sobre progresións: I-VIm-IV-V.

### CONTIDOS METODOLÓXICOS

#### EXERCICIOS:

- ◁ La sonòrité, art et technique M. Moysé Ed. Alphonse Leduc
- ◁ A técnica da embocadura Ph.Bernold
- ◁ Teoría e práctica de la flauta volumes 1-5 T.Wye Ed. Mundimúsica.
- ◁ 7 exercicios diarios para flauta M.A.Reichert Ed. Schott's
- ◁ 17 Exercicios diarios para a flauta Taffanel e Gaubert

#### ESTUDOS:

- ◁ 24 Estudios Melódicos op. 37. Boehm
- ◁ 50 Classical Studies . Franz Vester
- ◁ Ed. Universal Edition.
- ◁ 18 Ejercicios o estudios Berbiguier

#### OBRAS:

- ◁ Sonata (a elegir) J.S.Bach
- ◁ Concierto a elegir A.Vivaldi
- ◁ Fantasías Tellemann
- ◁ 6 sonatas para flauta e clavecín kv 10-15 (unha a elegir) Mozart
- ◁ Concierto en DoM A.E.M.Getty
- ◁ Suite op.116 B.Godard
- ◁ Sonata Hindemith
- ◁ Romanza Saint-Saëns
- ◁ La flauta de pan op.15 J.Mouquet
- ◁ Danza da cabra A.Honegger

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- ◁ Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
- ◁ Interpretación satisfactoria de obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo.
- ◁ Interpretación de memoria de obras do repertorio solista de acordo cos criterios de estilo correspondentes de maneira satisfactoria.
- ◁ A avaliación terá unha periodicidade trimestral e nela observarase a evolución dos obxectivos e contidos detallados anteriormente.

### MÍNIMOS ESIXIBLES SEGUNDO A METODOLOXÍA

- ◁ Interpretación de oito estudos de calquera dos libros que figuran no apartado contidos metodoloxicos.
- ◁ Interpretación de tres obras de diferentes estilos das que figuran no anterior apartado.

## MÍNIMOS ESIXIBLES SEGUNDO AS CAPACIDADES

- ◁ Amosar unha boa posición das mans e do corpo con instrumento.
- ◁ Inspirar de forma silenciosa cun bo control da respiración diafragmática.
- ◁ Amosar unha maior consciencia do corpo en relación co instrumento.
- ◁ Coñecer as posicións e realización dos trinos.
- ◁ Conseguir un son estable e afinado en todo o rexistro da frauta tocando forte e piano, ben tocando só coma con acompañamento ou en grupos de cámara.
- ◁ Aplicar o dobre e o triple picado cando se requira. Uso dun bo legato.
- ◁ Amosar flexibilidade con diferentes dinámicas.
- ◁ Usar con consciencia os diferentes elementos da produción do son: apoio do aire, velocidade do aire, control das partes móveis (gorxa, boca, mandíbula...), dirección do aire, ángulo de sopro, que permitan variar e desenrolar todos os aspectos da sonoridade (volumen, proxección, resonancia, afinación, homoxeneidade, cores...)
- ◁ Aplicar de xeito consciente e coherente o vibrato.

## **CUARTO L.O.E.**

### OBXETIVOS

- ◁ Análise das posibilidades acústicas do instrumento tendo en conta a súa morfoloxía (armónicos, frullato e "singing and playing"). Práctica e coñecemento dos multifónicos.
- ◁ Práctica de exercicios de relaxación e control muscular evitando tensións en brazos e cuello, co fin de salvar posibles lesións.
- ◁ Perfeccionamento das articulacións de picado sinxelo, picado ligado e staccato. Práctica e perfeccionamento do picado dobre.
- ◁ Desenrolo da velocidade de dixitación con distintas articulacións.
- ◁ Práctica de escalas maiores, menores (natural, armónica e melódica) e hexátonas, arpexios maiores, menores, aumentados e diminuídos e intervalos a través de patróns melódicos e traballo de transporte en toda-las alteracións.
- ◁ Traballo dos elementos que interveñen no fraseo musical: línea, respiración e expresión adecuándoos ós estilos que se traballen. (Barroco, clásico, romántico e impresionismo)
- ◁ Iniciación e práctica do vibrato nas figuras que non excedan da branca e a súa utilización según o estilo.
- ◁ Estudio do rexistro sobreagudo con especial atención ó son e afinación e digitación en velocidades que non excedan de negra= 160.
- ◁ Práctica de obras e estudos que favorezan a capacidade musical e técnica.
- ◁ Práctica de repertorio orquestral.
- ◁ Audicións de fragmentos e obras representativas dos diferentes estilos.
- ◁ Audicións de diferentes intérpretes para analizar as características das súas diferentes versións.
- ◁ Práctica da lectura a primeira vista.
- ◁ Interpretación en público do repertorio estudado para desenrolar un maior autocontrol e dominio dos espazo escénico.- Iniciación á improvisación sobre progresións: I-IIm-V-I.

### CONTIDOS METODOLÓXICOS

#### **EXERCICIOS**

- ◁ La sonòrité, art et technique M.Moese Ed. Alphonse Leduc

- ◁ A técnica da embocadura Ph.Bernold
- ◁ Teoría e práctica de la flauta volumes 1-5 T.Wye Ed. Mundimúsica.
- ◁ 7 exercicios diarios para frauta M.A.Reichert Ed. Schott's
- ◁ 17 exercicios diarios Taffanel e Gaubert

#### ESTUDOS

- ◁ 24 estudos op.37 T.Boëhm
- ◁ 50 Classical Studies. Franz Vester
- ◁ Ed. Universal Edition.
- ◁ 18 exercicios o estudos Berbiguier

#### OBRAS

- ◁ Sonata (a elixir) J.S.Bach
- ◁ Fantasia (a elixir) G.P.Teleman
- ◁ Concierto en SolM J.Quantz
- ◁ Concierto en ReM J.Haedn
- ◁ Sonata en SolM op.50 J.N.Hummel
- ◁ Fantasia pastoral húngara op.26 A.F.Doppler
- ◁ 1ª Sonata Martinu
- ◁ Fantasia op.79 G.Faure
- ◁ Sonata no. 3 Gaubert
- ◁ Variaciones sobre un tema de Mozart Reynaldo Hahn
- ◁ 41
- ◁ Balade Reinecke
- ◁ Syrnix Debussy

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- ◁ Utilización do esforzo muscular e a respiración adecuados ás esixencias da execución instrumental deste nivel.
- ◁ Interpretación satisfactoria en obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo.
- ◁ Interpretación de memoria de obras do repertorio solista de acordo cos criterios de estilo correspondentes de maneira satisfactoria.
- ◁ A avaliación terá unha periodicidade trimestral e nela observarase a evolución dos obxectivos e contidos detallados anteriormente.

#### MÍNIMOS ESIXIBLES SEGUNDO A METODOLOXÍA

- ◁ Interpretación de oito estudos de calquera dos libros que figuran no apartado metodoloxía.
- ◁ Interpretación de tres obras de diferentes estilos das que figuran no anterior apartado.

#### MÍNIMOS ESIXIBLES SEGUNDO AS CAPACIDADES -

- ◁ Amosar unha boa posición das mans e do corpo co instrumento.
- ◁ Inspirar de forma silenciosa .Dominar a respiración diafragmática.
- ◁ Coñecer as dixitacións especiais e os seus usos (trinos, corrección de afinación, facilidade, efectos especiais...).
- ◁ Conseguir un son estable en todo o rexistro da frauta facendo uso consciente dos diferentes parámetros que interveñen na produción do son adaptándose en cada momento as necesidades técnicas e expresivas da obra.
- ◁ Conseguir unha boa afinación con calquera matiz dinámico ou expresivo usando adecuadamente dixitacións específicas cando conveña.
- ◁ Dominar toda a gama de articulacións dende o picado simple e un bo legato ata un dobre e un triple stacatto.

- ◁ Coñecer as convencións estilísticas de cada época e interpretar as obras de acordo ás mesmas.
- ◁ Usar con consciencia os diferentes elementos da produción do son: apoio do aire, velocidade do aire, control das partes móveis ( gorxa, boca, mandíbula...), dirección do aire, ángulo de soplo, que permitan variar e desenrolar todos os aspectos da sonoridade ( volumen, proxección, resonancia, afinación, homoxeneidade, cores

## QUINTO L.O.E.

### OBXETIVOS

- ◁ Análise das posibilidades acústicas do instrumento tendo en conta a súa morfoloxía: (armónicos, frullato, “singing and playing”e multifónicos). Práctica e coñecementos dos “whistles sounds”
- ◁ Práctica de exercicios de relaxación e control muscular evitando tensións en brazos e cuello, co fin de salvar posibles lesións.
- ◁ Perfeccionamento das articulacións de picado sinxelo, picado ligado e staccato. Práctica e perfeccionamento do picado dobre e coñecemento do picado triple.
- ◁ Desenrolo da velocidade de dixitación con distintas articulacións.
- ◁ Práctica de escalas maiores, menores (natural, armónica e melódica) e hexátonas; arpexios maiores, menores, aumentados e diminuídos, intervalos e práctica dos modos medievais (dórico e mixolidio) a través de patróns melódicos e traballo de transporte en toda-las alteracións.
- ◁ Traballo dos elementos que interveñen no fraseo musical: línea, respiración e expresión adecuándoos ós estilos que se traballen. (Barroco, clásico, romántico e impresionismo, expresionismo e século XX)
- ◁ Iniciación e práctica do vibrato nas figuras que non excedan da blanca e a súa utilización según o estilo.
- ◁ Estudio do rexistro sobreagudo con especial atención ó son e afinación e digitación en velocidades que non excedan de negra= 160.
- ◁ Práctica de obras e estudos que favorezan a capacidade musical e técnica.
- ◁ Práctica de repertorio orquestral.
- ◁ Audicións de fragmentos e obras representativas dos diferentes estilos.
- ◁ Audicións de diferentes intérpretes para analizar as características das súas diferentes versións.
- ◁ Práctica da lectura a primeira vista.
- ◁ Interpretación en público do repertorio estudado para desenrolar un maior autocontrol e dominio dos espazo escénico.
- ◁ Iniciación á improvisación sobre progresións: Ilmb5-V7-Im

### CONTIDOS METODOLÓXICOS

#### EXERCICIOS

- ◁ La sonòrité, art et technique M. Moyse Ed. Alphonse Leduc
- ◁ 24 Pequenos estudos melódicos M. Moyse
- ◁ A técnica da embocadura Ph. Bernold
- ◁ Teoría e práctica de la flauta volumes 1-5 T.Wye Ed. Mundimúsica.
- ◁ 7 exercicios diarios para frauta M.A. Reichert Ed. Schott's
- ◁ 17 exercicios diarios Taffanel e Gaubert
- ◁ Escalas e arpexios (480 ex.) M. Moyse

#### ESTUDOS

- ◁ 24 caprichos op. 26 T.Boëhm
- ◁ 50 Classical Studies . Franz Vester. Ed. Universal Edition.

- ◁ 24 Estudios para a frauta Briccialdi

## OBRAS

- ◁ Sonata (a elegir) J.S.Bach
- ◁ Hamburguer Sonata C.P.E.Bach
- ◁ Concierto en Re M K314 W.A.Mozart
- ◁ Un Concierto a elegir Devienne o de Danzi
- ◁ Cantabile e presto G.Enesco
- ◁ Tres romanzas R.Schumann
- ◁ Fantasia lp.79 G.Fauré
- ◁ Sonatina D.Milhaud
- ◁ Concertino C. Chaminade
- ◁ Fantasia Hüe
- ◁ Unha Sonata Gaubert
- ◁ Requiem para frauta soa K.Fukushima
- ◁ Syrinx C.Debussy
- ◁ Acht Stücke Hindemith
- ◁ Repertorio orquestral

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- ◁ Demostrar o dominio na execución das obras, os solos e os estudos sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
- ◁ Ser autosuficiente para acometer a interpretación das obras e os estudos con mínimas garantías.
- ◁ Interpretación satisfactoria en obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo.
- ◁ Interpretación de memoria de obras do repertorio solista de acordo cos criterios de estilo correspondentes de maneira satisfactoria.
- ◁ A avaliación terá unha periodicidade trimestral e nela se observará a evolución dos obxectivos e contidos detallados anteriormente.

## MÍNIMOS ESIXIBLES SEGUNDO A METODOLOXÍA

- ◁ Interpretación de oito estudos de calquera dos libros que figuran no apartado metodoloxía.
- ◁ Interpretación de tres obras de diferentes estilos das que figuran no anterior apartado.

## MÍNIMOS ESIXIBLES SEGUNDO AS CAPACIDADES

- ◁ Amosar unha boa posición do corpo co instrumento.
- ◁ Demostrar unha sonoridade do instrumento estable , flexible e consciente.
- ◁ Inspirar diafragmáticamente e de forma silenciosa.
- ◁ Escoller as respiracións en coherencia co discurso musical.
- ◁ Dominar as dixitacións especiais e os seus usos (trinos, corrección de afinación, facilidade, efectos especiais...).
- ◁ Conseguir unha boa afinación con calquera matiz.
- ◁ Usar con consciencia os diferentes elementos da produción do son: apoio do aire, velocidade do aire, control das partes móveis ( gorxa, boca, mandíbula...), dirección do aire, ángulo de soplo, que permitan variar e desenrolar todos os aspectos da sonoridade ( volumen, proxección, resonancia, afinación, homoxeneidade, cores...).
- ◁ Aplicar de xeito consciente e coherente o vibrato, amosando flexibilidade, variedade de frecuencias e amplitude da oscilación.
- ◁ Dominar toda a gama de articulacións dende o picado simple e un bo legato ata o dobre e triple picado.

- ◁ Coñecer as convencións estilísticas da música doutras épocas e interpretar as obras dacordo ás mesmas.
- ◁ Conseguir naturalidade na interpretación estilística consciente acadando sensación de unidade do discurso musical .

## **SEXTO L.O.E.**

### OBXETIVOS

- ◁ Análise das posibilidades acústicas do instrumento tendo en conta a súa morfoloxía: armónicos, frullato, “singing and playing”, multifónicos e “whistles sounds”.
- ◁ Práctica de exercicios de relaxación e control muscular evitando tensións en brazos e cuello, co fin de salvar posibles lesións.
- ◁ Perfeccionamento das articulacións de picado sinxelo, picado ligado e staccato. Práctica e perfeccionamento do picado dobre e práctica do picado triple.
- ◁ Desenrolo da velocidade de dixitación con distintas articulacións.
- ◁ Práctica de escalas maiores, menores (natural, armónica e melódica) e hexátonas; arpexios maiores, menores, aumentados e diminuídos, intervalos e práctica dos modos medievais (dórico, lidio, mixolidio e locrio) a través de patróns melódicos e traballo de transporte en toda-las alteracións.
- ◁ Traballo dos elementos que interveñen no fraseo musical: línea, respiración e expresión adecuándoos ós estilos que se traballen. (Barroco, clásico, romántico e impresionismo, expresionismo e século XX) con especial atención a técnicas de interpretación modernas así como lectura de partituras non convencionais.
- ◁ Iniciación e práctica do vibrato na súa totalidade.
- ◁ Estudio do rexistro sobreagudo con especial atención ó son e afinación e dixitación. -Práctica de obras e estudos que favorezan a capacidade musical e técnica.
- ◁ Práctica de repertorio orquestral.
- ◁ Audicións de fragmentos e obras representativas dos diferentes estilos.
- ◁ Audicións de diferentes intérpretes para analizar as características das súas diferentes versións.
- ◁ Práctica da lectura a primeira vista.
- ◁ Interpretación en público do repertorio estudado para desenrolar un maior autocontrol e dominio dos espazo escénico.
- ◁ Iniciación á improvisación: repaso das progresións vistas. Improvisación sobre progresións armónicas típicas do barroco.

### CONTIDOS METODOLÓXICOS

#### EXERCICIOS

- ◁ De la sonòrité, art et technique M. Moyse Ed. Alphonse Leduc
- ◁ 24 Pequenos estudos melódicos M. Moyse
- ◁ A técnica da embocadura Ph. Bernold
- ◁ Teoría e práctica de la flauta volumes 1-5 T.Wye Ed. Mundimúsica.
- ◁ 7 exercicios diarios para frauta M.A.Reichert Ed. Schott's
- ◁ 17 exercicios diarios Taffanel e Gaubert
- ◁ Escalas e arpexios (480 ej.) M. Moyse

#### ESTUDOS

- ◁ 24 caprichos op.26 T. Boëhm
- ◁ 24 Estudos para a frauta Briccialdi

#### OBRAS

- ◁ Sonata (a elegir) J.S.Bach
- ◁ Sonata en la m ( para frauta soa) C. P. E. Bach
- ◁ Concierto en SolM K313 W.A.Mozart
- ◁ Concierto en ReM K314 W.A.Mozart
- ◁ Un concerto a elixir Devienne o de Danzi
- ◁ Tres romanzas R. Schumann
- ◁ Piece Ibert
- ◁ Folies d´Espagne Marin Marais
- ◁ Suite C.M.Widor
- ◁ Image E. Bozza
- ◁ Suite Paesanne Hongroise B. Bartok
- ◁ Mei frauta soa K. Fukushima
- ◁ Repertorio orquestral

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- ◁ Mostrar autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.
- ◁ Interpretar de memoria de obras do repertorio solista de acordo cos criterios de estilo correspondentes de maneira satisfactoria.
- ◁ Presentar en público un programa adecuado a este nivel demostrando a calidade técnica e musical requerida.

### MÍNIMOS ESIXIBLES SEGUNDO A METODOLOXÍA

- ◁ Interpretación de oito estudos de calquera dos libros que figuran no apartado metodoloxía.
- ◁ Interpretación de tres obras de diferentes estilos das que figuran no anterior apartado.

### MÍNIMOS ESIXIBLES SEGUNDO AS CAPACIDADES

- ◁ Amosar unha correcta postura corporal, correcta respiración diafragmática e control do apoio do aire .
- ◁ Producir un son flexible adaptado en cor, dinámica e intensidade.
- ◁ Coñecer os diversos modos de produción do son e dominar a causa-efecto incluso dos parámetros que non se ven.
- ◁ Aplicar un vibrato flexible e variable de frecuencia e ancho de oscilación en función do carácter da obra.
- ◁ Dominar e aplicar todo tipo de articulacións convincentemente cunha velocidade e precisión adecuada ao curso.
- ◁ Dominar as escalas, arpexios e intervalos de segundas e terceiras maiores e menores.
- ◁ Amosar certo dominio dos efectos máis comunmente utilizados na música contemporánea.
- ◁ Interpretar de acordo ás convencións estilísticas as obras programadas para o curso . Mínimo tres obras de diferentes estilos.
- ◁ Amosar criterio á hora de solucionar aspectos relacionados coa interpretación.
- ◁ Controlar a posta en escea das pezas programadas de xeito coherente.

### **AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN**

A avaliación será **continua ou de procesos**, de forma que nos permita un control e seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe posibilitando a súa progresiva e continua adecuación ás dificultades e necesidades que vaian xurdindo respecto da planificación inicial.

Así mesmo, realizarase unha **avaliación inicial ou diagnóstica** que nos permita identificar os coñecementos previos do alumno, as súas destrezas, habilidades e actitudes previas para así poder planificar o traballo que deberá realizar cada alumno en particular.

En última instancia realizarase unha **avaliación final ou de resultados** ao final de cada trimestre e ao final do curso que, ao comparar os obxectivos iniciais cos resultados finais, servirán como referente para medir os avances do alumno.

Unha **avaliación criterial**, comparando o progreso do alumno coas metas establecidas previamente en relación coa súa propia situación inicial utilizarase para avaliar o progreso de alumnos con necesidades educativas especiais.

Finalmente, o profesor potenciará nas clases colectivas a **coevaluación** dunha forma construtiva así como a autoevaluación por parte dos propios alumnos.

## **PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

O control da adquisición dos contidos e o desenvolvemento das habilidades técnicas e expresivas por parte dos alumnos, poderá facerse de distintos modos:

‘ **Traballo persoal diario:** a observación sistemática durante as clases individuais será o principal procedemento para recompilar información fiable acerca do progreso do alumno.

‘ **Traballo en grupo:** a actitude ante o traballo nas clases colectivas, o respecto aos demais, a aceptación e o ofrecemento de apoio, posta en común de exposicións, debates, discusións, etc?serán actividades avaliadas a través da clase colectiva.

‘ **Realización de traballos fora da aula:** análise de partituras, traballo con partituras (digitacións, arcos, etc.), traballos escritos, etc.

‘ **Probas prácticas:** probas técnicas, audicións, exames trimestrais e finais, exames ante tribunal, etc. Poderán utilizarse como método para avaliar a adquisición de habilidades por parte dos alumnos.

## **CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA**

Para conceder a ampliación de matrícula, é requisito que o alumno supere os obxectivos e contidos do curso no que está matriculado e os profesores de todas as materias consideren que pode superar os do seguinte. Ou protocolo para seguir é o seguinte:

1.- O profesorado que considere a posibilidade de ampliación de matrícula, poñerá en contacto co titor do alumno.

2.- O titor solicitará á xefatura de estudos unha xunta evaluadora extraordinaria (ou no seu caso, unha sesión de avaliación ordinaria) coa totalidade dos profesores do alumno implicado, para poñer en común a idoneidade ou non da ampliación de matrícula, así como a información que se transmitirá ao alumno, pais ou tutores legal sobre o proceso.

O titor levantará un acta onde se recollerán as conclusións dos informes do profesorado.



Para que a ampliación de matrícula sexa posible, deberá haber un acordo unánime de todo o profesorado.

3.- O titor informará á familia, se é menor de idade, ou ao alumno, se é maior de idade, sobre o estado do proceso. A información achegada polo titor debe ser de carácter global, é dicir, que se comprobarán as posibilidades de poder ampliar matrícula de maneira colectiva por parte de todos os docentes do alumno cunha decisión unánime e firme. No caso de que a familia ou o alumno maior de idade non desexase seguir co procedemento, este conclúe.

4. No caso de que se aconselle a súa promoción, o titor deberá informar o alumno maior de idade ou a familia, acerca da solicitude que deberá realizar á atención da dirección do centro para levala ao consello escolar. O consello escolar reunirse coas solicitudes recibidas pola dirección. Aquelas que leven o visto e prace, serán reflectidas no acta de avaliación correspondente. Posteriormente o alumno deberá ir á secretaría do centro para realizar os trámites administrativos correspondentes.

### **PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN ORDINARIOS**

Serán actividades de recuperación individuais, en cada caso, mediante un informe elaborado polo profesor:

- ‘ Os alumnos que necesiten medidas de recuperación poderán asistir como oíntes ás clases de compañeiros de niveis similares.
- ‘ Exames de recuperación ao longo do curso.
- ‘ Os profesores contemplarán a posibilidade de destinar algunhas clases colectivas a traballar aspectos técnicos concretos como medida de recuperación para os alumnos que o necesiten.
- ‘ Asistencia a clases de reforzo.

### **PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO**

Os alumnos que non aproben o curso en xuño dispoñerán dunha proba extraordinaria no mes de Setembro. Para superar a devandita proba, os alumnos han de interpretar na mesma as obras que lles serán notificadas no seu correspondente informe de avaliación negativo. En calquera caso, hanse de alcanzar os contidos mínimos esixibles para cada curso establecidos na presente programación. En caso de dúbida o alumno deberá consultar ao profesor correspondente.

### **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

---

A atención á diversidade derívase do concepto de atención ás necesidades educativas especiais, na medida en que todos somos diferentes, somos diversos, non aprendemos da mesma forma e necesitamos unha atención diferente. Estas diferenzas veñen determinadas por variables como as capacidades, as estratexias cognitivas, a atención,

os coñecementos previos, os estilos de aprendizaxe, a motivación, o axuste emocional, a integración social, etc. Neste sentido, tamén se expresa o concepto de atención ou educación individualizada, referida á necesidade de que cada alumno desenvolver as súas capacidades ao máximo e de forma persoal.

Na aula de frauta travesera, deberá adaptarse o exercicio diario ás condicións específicas de cada alumno, coa finalidade de dar unha resposta educativa o máis adecuada posible ás súas necesidades. Por esta razón, os obxectivos deberán adaptarse ás situacións concretas segundo considérese oportuno, do mesmo xeito que poderá ser necesario retomar, reforzar ou prolongar determinados contidos. En definitiva, o profesor terá a oportunidade de deseñar as súas propias actividades, modificándoa ata a súa correcta asimilación ou ben desenvolver outras novas en función da adaptación do alumno.

Unha ferramenta fundamental na determinación e orientación das medidas de adaptación, reside na **acción tutorial**. Tendo en conta a dificultade e especificidade dos estudos realizados no Conservatorio, a colaboración das familias é determinante para conseguir un desenvolvemento óptimo do alumno. Unha información ampla sobre as características e esixencias de cada materia e unha adecuada comunicación periódica e fluída, con entrevistas habituais cos pais, son a base para poder establecer as condicións máis adecuadas para o desenvolvemento do proceso didáctico. Así mesmo, establecerase unha comunicación constante cos compañeiros de claustro, profesores implicados na educación do alumno de maneira que se poidan obter datos relevantes que permitan en caso necesario reorientar a actividade formativa e levar a cabo as adaptacións que sexan necesarias.

## **ATENCIÓN AO ALUMNO CON TRAZOS DE DIVERSIDADE**

A programación recolle medidas didácticas para atender os intereses ou aptitudes dos alumnos. Estas medidas poderanse adoptar despois de realizar unha avaliación inicial ao comezo do curso, aínda que, pódese establecer unha tipoloxía xenérica do alumnado atendendo a tres criterios específicos:

### **1º. En función do seu nivel musical:**

‘ **Alumno avanzado:** o alumno está dotado dunhas capacidades por encima do previsto para o seu nivel; é capaz de atopar solucións en por si aos seus problemas técnicos co instrumento e progresa técnica e musicalmente a gran velocidade, á vez que é capaz de acometer tarefas máis difíciles do habitual para a súa idade. Neste grupo podería haber alumnos con altas capacidades intelectuais, para os que se podería flexibilizar a duración das etapas na súa formación ou que poderían requirir atención diferenciada por parte das administracións educativas por medio de programas específicos.

‘ **Alumno intermedio:** é aquel que asimila con corrección os contidos programados para o seu nivel e que supera os novos obstáculos normalmente.

‘ **Alumno que presenta dificultade e baixo nivel:** aquel que asimila os contidos a un ritmo menor do previsto. Neste grupo podería haber alumnos con dificultades de aprendizaxe, dificultades co idioma ou que por diferentes razóns incorporáronse de forma tardía ao sistema educativo. Estes alumnos poderían necesitar programas específicos de axuda ou clases de reforzo e nalgúns casos atención de profesionais especializados.

### **2º. En función da súa actitude e interese cara aos estudos e formación musical:**

‘ **Alumno motivado:** presenta unha actitude positiva cara á aprendizaxe, non sendo necesaria unha motivación adicional para conseguir un ritmo de traballo adecuado na clase e en casa.

‘ **Alumno con escaso interese:** considera a súa asistencia ás clases como unha actividade extraescolar. O esforzo orientarase aquí a tratar de cambiar esa actitude, tanto no alumno como nos pais ou titores, xa que na maior parte das ocasións débese a unha gran falta de información e descoñecemento.

### **3º. Por tratarse de alumnado con necesidades educativas específicas:**

‘ Ben porque se trate de alumnos estranxeiros (con ou sen coñecemento do idioma), superdotados ou discapacitados físicos ou psíquicos. As necesidades deste tipo de alumnado trátanse de forma diferenciada e individualizada, dentro das lóxicas limitacións da materia (poderanse adaptar no posible as actividades para realizar, deseñar actividades de reforzo ou de ampliación, expor actividades substitutivas ou alternativas, etc..)

## **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Existen unha serie de medidas establecidas legalmente con vistas a responder as situacións extremas da diversidade do alumnado:

‘ **Reforzo educativo:** trátase dunha medida de atención á diversidade dirixida especialmente a aqueles alumnos que presentan dificultade ou baixo nivel. Pódese entender como un esforzo adicional que precisa realizar un alumno temporalmente ao non superar algúns dos contidos propostos. Dadas as características do centro e as particularidades da materia, non se contempla a posibilidade de realizar apoios fose da aula e a cargo dun especialista (como o profesorado de Pedagogía Terapéutica), senón que se realizarán na aula co profesor de frauta travesera. O reforzo pode consistir en: a realización dunha serie de traballos (fose do horario de clase) de consolidación dos contidos esixibles ou o establecemento dun horario de resolución de dúbidas ou de revisión de tarefas (por exemplo, minutos antes ou despois doutra clase á que o alumno deba acudir ao Conservatorio).

‘ **Adaptacións curriculares individualizadas:** esta medida de atención á diversidade supón a modificación dalgúns elementos do currículo. Estas adaptacións poden ser de dous tipos: non significativas e significativas. Ocuparémonos nesta programación das adaptacións curriculares non significativas, dado que as significativas supoñen modificar elementos básicos do currículo, actuación que debe ser levada a cabo con coñecemento do departamento didáctico e de inspección educativa, así como realizarse de acordo a unha previa avaliación psicopedagóxica.

A diferenza do reforzo educativo, unha adaptación curricular non significativa realízase previamente á impartición dos contidos coa finalidade de adiantarse á aparición dos problemas prevendo (dada a capacidade do alumno, coñecida a través da avaliación diagnóstica) que dita actuación será necesaria para eses contidos concretos. Unha adaptación curricular non significativa pode afectar:

‘ **Á metodoloxía,** utilizando as estratexias máis adecuadas ao alumno, orientando o seu estudo cara aos aspectos máis apropiados, proporcionando os materiais ao alumnado, etc.

‘ **Ás actividades,** deseñando algunhas específicas, diminuíndo ou aumentando o seu número, establecendo diferentes graos de consecución, etc.

‘ **Á avaliación,** empregando ferramentas de avaliación diferenciadas, eliminando ou introducindo determinadas probas, etc.

## **TEMAS TRANSVERSAIS**

---

A nosa materia tamén trata esta serie de elementos transversais que son abordados desde cada unha das diferentes materias que comprenden o currículo dos ensinos de réxime especial de música, e que nos dan a oportunidade de reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación.

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes consignas:

‘ **A educación ambiental** tratarémola a través do coidado pola produción excesiva de sons por parte do alumnado, a concienciación sobre contaminación acústica, e a través da importancia que se lle debe de dar ao silencio como marco de calquera actividade musical.

‘ En canto á **educación para a saúde,** abordarémola a través da práctica corporal, aprendendo a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, tendo en conta e incidindo sobre a educación postural e a adquisición dun correcto ton muscular. Ademais, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, tamén incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.

‘ No referente á **educación para a igualdade de sexos,** partiremos de que a música non está relacionada co sexo do alumnado, e de que toda actividade musical en

grupo partirá do principio de integración, de colaboración e de respecto mutuo entre os integrantes da clase independentemente do sexo ao que pertenzan.

‘ A **educación para a paz e a tolerancia** traballarase a partir de pezas doutras culturas e das relacións que se establezan coas persoas da contorna.

‘ A **educación para o lecer** traballarase a partir do concepto produtivo do lecer, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademais de fomentar escóitaa de música e a lectura de libros relacionados co traballado en clase.

‘ En canto á **educación do consumidor** trataremos que o alumnado adquira unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora de decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.

‘ Para finalizar, a **educación moral e cívica** abordarémola ao ter presente o respecto ás normas e a necesidade da súa existencia como poden ser á hora de tocar en grupo: a entrada simultánea, o mantemento do plano sonoro adecuado, a actitude de escoita e respecto aos demais. Todas estas normas estarían referidas aos compañeiros, á material da aula, ao profesor, etc.

## **TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC)**

---

Hoxe en día é difícil pensar nun modelo pedagóxico que non se complemente cos recursos tecnolóxicos, permitindo unha formación máis completa e posibilitando unha renovación na pedagogía e na didáctica. A educación ten que avanzar ao paso da sociedade co fin de enriquecerse mutuamente.

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a internet. Para a materia de frauta travesera, a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, procura de partituras, arquivos de audio, vídeos ou libros especializados. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.

## **PROBAS DE ACCESO**

### **ACCESO A CALQUERA CURSO DE GRAO ELEMENTAL**

(exceptuando o primeiro curso)

- ‘ Interpretación de dúas obras de libre elección ( Orde do14 de Abril de 2005) e un exercicio de lectura a primeira vista.
- ‘ A continuación adxúntase unha lista orientativa de pezas da programación de cada curso que reflicten o nivel e dificultades do curso e polo tanto os mínimos esixidos para o acceso.
- ‘ Os alumnos presentaranse ás probas con partituras orixinais, non aceptándose fotocopias para o exame. (Excepto IMSLP)

- Para concorrer ás probas de acceso os músicos deberán achegar os seus músicos acompañantes.

### **ACCESO A 2º DE GRAO ELEMENTAL**

Pezas dos seguintes libros:

- Escuela de la flauta vol.1 - Marcial Picó. (pezas a escoller de entre as nos.(23- 45 ) Ed. Orquesta de flautas de Madrid.
- Melodías paisanas. Harmonización de Paulino Pereiro. Baía edicións.
- Iniciación a la flauta vol.1 (canción da 30 a 40) Trevor Wye.
- La Flute Classique. Vol.1 .Rene le Roy et Henry Classens.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Adoptar unha correcta posición corporal con e sen o instrumento (espalda, pernas,cadeiras,cabeza, brazos e mans)
- Coñecer e aplicar a respiración diafragmática.
- Obter un sonido mínimamente estable cunha correcta embocadura.
- Mostrar certa capacidade de escoita, concentración e sensibilidade auditiva.
- Coñecer e aplicar as principais articulacións: picado e ligado.
- Amosar a través da interpretación un pulso (ritmo) interno.

### **ACCESO A 3º DE GRAO ELEMENTAL**

Pezas dos seguintes libros:

- Escuela de la flauta vol.2 - Marcial Picó. Ed. Orquesta de flautas de Madrid.
- Iniciación a la flauta. Vol.2. Trevor Wye. (A escoller de entre os números: 35-50) Ed. Mundimúsica.
- La flute Clasique . Vol 2. Rene le Roe el Henry Classens.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Adoptar unha correcta posición corporal con e sen o instrumento (espalda, pernas,cadeiras,cabeza, brazos e mans).
- Comprender e controlar a espiración formando a columna de aire.
- Usar as articulacións : picado , ligado, detaché largo e corto.
- Coñecer e aplicar as dinámicas forte e piano así como crescendo e diminuendo.
- Dominar as escalas e arpxios ata tres alteracións ( isto mostrarase elixindo pezas coas tonalidades que posúen esas alteracións.)
- Mostrar un son estable ata o fa da terceira oitava.
- Amosar a través da interpretación un pulso (ritmo) interno.
- Comprender os tempos de silencio como parte do feito musical.

### **ACCESO A 4º DE GRAO ELEMENTAL**

( programación de 3º curso)

- Escuela de la flauta vol.2 – Marcial Picó. Ed. Orquesta de frautas de Madrid.
- Selección de estudios vol.1 - Bantai Kovacs (Estudos a escoller de entre 32 -51) Ed. Música Budapest
- Berceuse - G.Fauré Ed. Música Budapest
- Tres Gavottes Lully, Martini e Gossec Ed. E.M.B.
- Flute music for Begginers. Ed. Musica Budapest.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Adoptar unha correcta posición corporal co instrumento.
- Soprar de forma continuada de xeito que a columna de aire sexa estable.
- Inspirar de forma diafragmática, eficaz e silenciosamente.
- Usar as articulacións picado, ligado, detaché largo e corto.
- Emitir o son de forma nítida con embocadura relaxada.

- Utilizar con precisión os reflexos necesarios para correxir a afinación e a calidade do son.
- Dominar as escalas de ata tres alteracións e a escala cromática.
- Conseguir un son estable e relativamente afinado en diferentes alturas ( re grave ata sol das 3º oitava) e dinámicas ( mp e f ).
- Identifica-las estruturas musicais nos seus distintos niveis ( motivos, temas, periodos, frases, seccións...) para unha interpretación cada vez mais consciente.
- Manter a atención nos periodos de silencio e comprensión deste como parte do feito musical.

### **ACCESO A 1º DE GRAO PROFESIONAL**

- ◁ De acordo co Decreto 253/1993 do 29 de xullo, os aspirantes interpretarán tres obras pertencentes a distintos estilos, das que, como mínimo unha deberá interpretarse de memoria.
- ◁ Os alumnos presentaranse ás probas con partituras orixinais, non aceptándose fotocopias para o exame. (Excepto IMSLP)
- ◁ Para concorrer ás probas de acceso os músicos deberán achegar os seus músicos acompañantes.

Lista orientativa de obras :

- ◁ Sonata (a elegir) G.F.Haendel
- ◁ Sonata en SolM B.Marcello
- ◁ Sonata en FaM A.Vivaldi
- ◁ Andante en DoM para fruta e orquesta K315 W.A.Mozart
- ◁ Sonata en FaM Donizetti
- ◁ Siciliana G.Fauré
- ◁ Berceuse G .Fauré
- ◁ Le petit chevrier corse H.Tomasi

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Adoptar unha correcta posición corporal co instrumento ( espalda, pernas, cadeiras, cabeza, brazos e mans ).
- Inspirar diafragmáticamente de forma eficaz e silenciosa.
- Conseguir un son estable en todo o rexistro da fruta cunha embocadura na que a tensión e relaxación muscular estén equilibradas.
- Dominar as tonalidades de ata cinco alteracións.
- Mostrar un uso básico inicial do vibrato e os cambios de cor do son.
- Usar con precisión os reflexos necesarios para corraxir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.
- Amosar comprensión das estruturas musicais ( motivos, temas, periodos...)
- Aplicar as dinámicas forte, piano, crescendo e diminuendo.
- Usar as articulacións: picado, ligado, detachè largo e corto.
- Saber solucionar con certa autonomía cuestións relacionadas coa interpretación.

### **ACCESO A CALQUERA CURSO DO GRAO PROFESIONAL (EXCEPTUANDO 1º)**

- ◁ Dacordo co Decreto 253/1993 do 29 de xullo, os aspirantes interpretarán tres obras pertencentes a distintos estilos de entre as que fixe cada centro para os diferentes ciclos tendo que ser unha de música de cámara (podendo ser a formación solista-piano).
- ◁ Os alumnos presentaranse ás probas con partituras orixinais, non aceptándose fotocopias para o exame. (excepto IMSLP)
- ◁ Para concorrer ás probas de acceso os músicos deberán achegar os seus músicos acompañantes.

## **ACCESO A 2º CURSO DE GRAO PROFESIONAL**

- ◁ Sonata (a elexir) A.Vivaldi
- ◁ Sonata (a elexir) G.F.Haendel
- ◁ Sonata (a elexir) M.Blavet
- ◁ Andante k.315, en Do M W.A.Mozart
- ◁ Rondó W.A.Mozart
- ◁ Concierto en Sol M Pergolesi
- ◁ Sonata en DoM J.M.Lecair
- ◁ Le Petit Negré Debussy
- ◁ Historias para fruta e piano (selección) J.Ibert
- ◁ Morceau de Concours G.Faure.
- ◁ 4 pezas fáciles E.Bozza

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

- Amosar unha boa posición das mans e do corpo con instrumento.
- Inspirar de forma eficaz e silenciosa.
- Conseguir un son estable e homoxéneo dende o re grave ata o la da 3º oitava, en diferentes dinámicas.
- Usar o vibrato e os cambios de cor do son.
- Lograr unha boa calidade no legato e progresiva rapidez e resistencia da articulación sobre notas repetidas. Ampliación das articulacións (picado largo, marcado e stacatto).
- Dominar dentro dunha velocidade moderada todas as tonalidades maiores ou menores en dinámicas de p a f.
- Coñecer e controlar os diferentes parámetros que sirven para correxir a afinación ( ángulo de sopro, velocidade do aire, presión, apertura dos beizos...)
- Amosar certa autonomía para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación.
- Traballar a liña da música ou o fraseo e a relación coa velocidade , presión e dirección do aire.

## **ACCESO A 3º DE GRAO PROFESIONAL**

- ◁ Sonata (a elexir) J.S.Bach
- ◁ Fantasía (a elexir) G.P.Teleman
- ◁ Concerto Gluck
- ◁ 6 sonatas para fruta e clavecín kv 10-15 (unha a elexir) W.A.Mozart
- ◁ Concierto para flauta y orquesta en Sol M op.29 C. Stamitz
- ◁ Historias para flauta e piano J. Ibert
- ◁ Vocalise A. Copland
- ◁ Echo Hindemith
- ◁ Canzone Barber

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

- Amosar unha boa posición das mans e do corpo con instrumento.
- Conseguir unha boa calidade no legato.
- Respirar de forma silenciosa e conseguir un maior desenrolo das capacidades respiratorias.
- Coñecer e usar os diferentes elementos da produción do son : apoio, velocidade do aire, gorxa, boca, dirección do aire, ángulo de sopro...
- Tocar relativamente forte e piano pero afinado.
- Amosar unha ampla gama de articulacións incluíndo un bo uso do dobre picado.
- Tocar en todas as tonalidades.
- Coñecer as posicións de trinos básicas.



- Amosar a capacidade de adoptar diferentes recursos técnicos na interpretación, así como a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- Aplicar de xeito consciente e coherente o vibrato.

#### **ACCESO A 4º DE GRAO PROFESIONAL**

- ◁ Sonata (a elegir) J.S.Bach
- ◁ Concierto a elegir A.Vivaldi
- ◁ Fantasias Tellemán
- ◁ 6 sonatas para flauta e clavecín kv 10-15 (unha a elegir)
- ◁ W.A.Mozart
- ◁ Concierto en DoM A.E.M.Getty
- ◁ Suite op.116 B.Godard
- ◁ Romanza Saint-Saëns
- ◁ La flauta de pan op.15 J.Mouquet
- ◁ Danza da cabra A.Honegger

#### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

- Amosar unha boa posición das mans e do corpo con instrumento.
- Inspirar de forma silenciosa cun bo control da respiración diafragmática.
- Amosar unha maior consciencia do corpo en relación co instrumento.
- Coñecer as posicións dos trinos.
- Conseguir un son estable e afinado en todo o rexistro da flauta tocando forte e piano, ben tocando só coma con acompañamento ou en grupos de cámara.
- Aplicar o dobre e o triple picado cando se requira. Uso dun bo legato. Amosar flexibilidade con diferentes dinámicas.
- Dominar todas as escalas maiores, menores e cromáticas así como arpexios.
- Amosar certa autonomía para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación.
- Usar con consciencia os diferentes elementos da produción do son: apoio do aire, velocidade do aire, control das partes móbiles (gorxa, boca, mandíbula...), dirección do aire, ángulo de sopro, que permitan variar e desenrolar todos os aspectos da sonoridade (volumen, proxección, resonancia, afinación, homoxeneidade, cores...)
- Conseguir unha interpretación consciente a través da análise da obra.
- Aplicar de xeito consciente e coherente o vibrato.

#### **ACCESO A 5º DE GRAO PROFESIONAL**

- ◁ Sonata (a elegir) J.S.Bach
- ◁ Fantasía (a elegir) G.P.Teleman
- ◁ Concierto en SolM J.Quantz
- ◁ Concierto en ReM J.Haydn
- ◁ Sonata en SolM op.50 J.N.Hummel
- ◁ Fantasía pastoral húngara op.26 A.F.Doppler
- ◁ 1ª Sonata Martinu
- ◁ Fantasía op.79 G.Faure
- ◁ Unha Sonata Gaubert
- ◁ Variaciones sobre un tema de Mozart Reynaldo Hahn
- ◁ Fantasía Hübner
- ◁ Balade Reinecke
- ◁ Syrinx Debussy
- ◁ Sonata Hindemith
- ◁ Argos Salvador Espasa

#### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

- Amosar unha boa posición das mans e do corpo co instrumento.
- Inspirar de forma silenciosa .Dominar a respiración diafragmática.
- Coñecer as dixitacións especiais e os seus usos (trinos, corrección de afinación, facilidade, efectos especiais...).
- Conseguir un son estable en todo o rexistro da frauta facendo uso consciente dos diferentes parámetros que interveñen na produción do son adaptándose en cada momento as necesidades técnicas e expresivas da obra.
- Conseguir unha boa afinación con calquera matiz dinámico ou expresivo usando adecuadamente dixitacións específicas cando conveña.
- Dominar toda a gama de articulacións dende o picado simple e un bo legato ata un dobre e un triple staccato.
- Coñecer as convencións estilísticas de cada época e interpretar as obras dacordo ás mesmas.
- Usar con consciencia os diferentes elementos da produción do son: apoio do aire, velocidade do aire, control das partes móveis ( gorxa, boca, mandíbula...), dirección do aire, ángulo de sopro, que permitan variar e desenrolar todos os aspectos da sonoridade ( volumen, proxección, resonancia, afinación, homoxeneidade, cores...)
- Aplicar a articulación que as obras requiran con criterio estilístico, e amosando alén a resistencia e velocidade que as obras requiran.
- Conseguir naturalidade na interpretación estilística consciente acadando sensación de unidade do discurso musical .

#### **ACCESO A 6º DE GRAO PROFESIONAL**

- ◁ Sonata (a elegir).J.S.Bach
- ◁ Partita en la menor.J.S. Bach
- ◁ Hamburguer Sonata C.P.E. Bach
- ◁ Sonata en la menor.C. P. E. Bach
- ◁ Concierto en Re M K314 .W.A. Mozart
- ◁ Concierto en sol mayor K.313 W.A. Mozart
- ◁ Un Concierto a elegir Devienne o de Danzi
- ◁ Cantabile e presto G.Enesco
- ◁ Tres romanzas R.Schumann
- ◁ Fantasía op.79 G.Fauré
- ◁ Sonatina D. Milhaud
- ◁ Concertino C. Chaminade
- ◁ Fantasia Hübner
- ◁ Unha Sonata Gaubert
- ◁ Requiem para frauta soa K. Fukushima
- ◁ Syrinx C. Debussy
- ◁ Pièce Ibart
- ◁ Acht Stücke Hindemith

#### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

- Amosar unha boa posición do corpo co instrumento.
- Demostrar unha sonoridade do instrumento estable , flexible e consciente.
- Inspirar diafragmáticamente e de forma silenciosa.
- Escoller as respiracións en coherencia co discurso musical.
- Dominar as dixitacións especiais e os seus usos (trinos, corrección de afinación, facilidade, efectos especiais...).
- Conseguir unha boa afinación con calquera matiz.
- Usar con consciencia os diferentes elementos da produción do son: apoio do aire, velocidade do aire, control das partes móveis ( gorxa, boca, mandíbula...), dirección do aire, ángulo de sopro, que permitan variar e desenrolar todos os aspectos da sonoridade ( volumen, proxección, resonancia, afinación, homoxeneidade, cores...).

- Amosar comprensión dos elementos importantes do ataque e conciencia dos diferentes modos de atacar en función do contexto musical ( velocidade do aire, emprazamento da lingua, distancia e velocidade do ataque, dirección, apoio do aire...).
- Aplicar de xeito consciente e coherente o vibrato, amosando flexibilidade , variedade de frecuencias e amplitude da oscilación.
- Dominar e usar se procede toda a gama de articulacións dende o picado simple e un bo legato ata o dobre e triple picado.
- Coñecer as convencións estilísticas da música doutras épocas e interpretar as obras dacordo ás mesmas. .
- Aplicar a articulación que as obras requiran con criterio estilístico, e amosando alén a resistencia e velocidade que as obras requiran.
- Conseguir naturalidade na interpretación estilística consciente acadando sensación de unidade do discurso musical .

### **PREMIOS FIN DE GRAO**

‘ Poderán presentarse todos aqueles alumnos do conservatorio profesional da Estrada que finalizasen 6º de grao profesional cunha cualificación media de 8 ou máis, e que non teñan ningunha materia pendente do curso anterior.

‘ O concurso terá lugar ante un tribunal único para todos os aspirantes e constituído especificamente para este fin, que será designado polo director do centro. O tribunal estará formado por tres profesores, dos que só un deles será membro da especialidade de procedencia do alumno aspirante ao premio. Non poderá formar parte do citado tribunal profesorado que impartise docencia directa a ese aspirante durante o curso anterior.

‘ Estas probas levarán a cabo unha vez finalizada a sesión de avaliación do fin de curso. Para os efectos de organización académica, a citada proba non se realizará despois de 20 de xuño.

### **CONTIDOS DA PROBA**

Presentación por parte dos aspirantes dun programa adecuado á categoría da proba, cunha duración comprendida entre os 20 e os 40 minutos, sendo 20 minutos a duración mínima. O tribunal terá plena liberdade para interromper a interpretación dos candidatos cando o considere oportuno.

Interpretación de memoria de polo menos una das obras do programa

Elaboración, por parte do aspirante, e posterior entrega na secretaría do Centro das notas ao programa elaboradas por el mesmo, polo menos con tres días de antelación á celebración da proba, non recolléndose ningunha fóra de prazo sen a debida xustificación, que será atendida a criterio da Dirección do Centro.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

‘ Interpretar as obras mostrando o control técnico do instrumento. Con este criterio comprobarase que o alumno demostre unha excelente capacidade e control técnico pleno do instrumento e valorarase segundo os seguintes indicadores:

- ◀ Dificultade do repertorio
- ◀ Control do ritmo e a medida de figúralas
- ◀ Claridade e igualdade na digitación
- ◀ Calidade do son
- ◀ Interpretar as obras con coherencia no estilo interpretativo en concordancia coa estética das mesmas. Con este criterio valorarase o estilo interpretativo do alumno mediante os seguintes indicadores:

- ◀ Aplicación das articulacións segundo o estilo da obra.
- ◀ Adecuación sonora aos diferentes estilos
- ◀ Adaptación das dinámicas a cada estilo de interpretación
- ◀ Corrección na execución dos ornamentos
- ◀ Interpretar as partituras con rigor e calidade respecto de movementos, notas e tempos. Con este criterio comprobarase o rigor do alumno na interpretación das obras que se valorará mediante os seguintes indicadores:

- ◀ Respecto dos aires e movementos.
- ◀ Fidelidade das indicacións agógicas e dinámicas contidas na partitura.
- ◀ Exactitude na exposición das notas.
- ◀ Mostrar as calidades artísticas e unha excepcional capacidade de comunicación musical. Con este criterio valorarase a interpretación artística do alumno mediante os seguintes indicadores:

- ◀ Capacidade de comunicación musical.
- ◀ Concentración ao longo do recital.

